

**COIDAR DO COLECTIVO PARA COIDAR DA
VIDA**

CURSO ANUAL DE FACILI TACIÓN DE GRUPOS



MARZO - OUTUBRO 2026
Allariz / Valdeorras

ORGANIZA:



ACREDITA:



A Facilitación é unha metodoloxía que nos permite acompañar aos grupos para apoiar a súa calidade de vida.

A Facilitación de Grupos ten unha mirada holística da vida, ecosistémica, entendendo que aquilo que acontece nos grupos ten que ver cos individuos que o compoñen, coa suma das súas interaccións e co contexto socio-histórico no que se atopan. Por iso, cada grupo é único e en cada grupo habita unha inmensa diversidade.

Nun momento de crise ecosocial como é o noso presente, aparécense grandes desafíos como comunidade, desde os pequenos colectivos que habitamos ata a sociedade da que facemos parte. A Facilitación mira para estes retos como unha oportunidade para fortalecerse, medrar e poder ser máis resilientes como comunidade humana implicada na sustentabilidade da vida.

A colectiva de facilitación e formación con mirada feminista Subúrbia e a organización ecoloxista Amigas da Terra, comprometidas cun cambio de paradigma no noso modelo de relacionarnos, organizan este curso intensivo de facilitación de grupos acreditado polo IIFACe (Instituto de Facilitación y Cambio www.iiface.org).

Este curso estrutúrase en 8 módulos (7 presenciais + 1 online) que terán lugar entre xaneiro e xuño de 2026 nos espazos de A Casa Vella (Allariz) e Eco dos Teixos (Valdeorras), entornos de natureza e benestar na provincia de Ourense (Galiza).



QUE É A FACILITACIÓN DE GRUPOS?

A Facilitación de Grupos axúdanos a gañar consciencia sobre os procesos que están querendo emerxer no espazo grupal, posibilitándonos entender as súas dinámicas e patróns e dotándonos de ferramentas que nos permiten traballar todas as áreas e os niveis que compoñen os grupos.

Desde o IIFACe, a Facilitación de Grupos defínese como o conxunto de habilidades, técnicas e ferramentas que nos posibilitan crear as condicións para un desenvolvemento satisfactorio dos procesos grupais e persoais; tanto na consecución dos seus obxectivos e realización da súa visión, como na creación dun clima relacional onde abunde a confianza e unha comunicación fluída, empática e honesta.

ALGÚNS DOS APORTES DA FACILITACIÓN AOS GRUPOS E ÁS PERSOAS NAS SÚAS RELACIÓNS SON:

- Mellora a calidade dos procesos grupais.
- Fai os procesos máis satisfactorios xa que axuda a avanzar na súa visión.
- Axuda na prevención e transformación de conflitos.
- Cuestiona as formas de organización do grupo para asegurar a equidade e o equilibrio de poder.
- Fomenta a participación, o coidado e o compromiso das persoas involucradas.



PERSOAS

DESTINATARIAS

Este curso interésache se participas e/ou traballas con grupos, colectivos, asociacións, equipos de traballo ou organizacións e queres aprender máis sobre as dinámicas e os diversos aspectos que se dan nos mesmos. A través desta formación intensiva acadarás ferramentas para aplicar no teu contexto grupal e desenvolverás habilidades para acompañar procesos grupais desde o rol da facilitación.

ESPECIALMENTE DIRIXIDO A PERSOAS QUE:

- Teñen interese en profundizar e gañar consciencia sobre as relacións e os procesos interpersoais, grupais e intrapersoais.
- Traballan ou teñen interese no ámbito da educación social, traballo social, docencia formal e informal, psicoloxía, cooperativismo, activismo social, ecoloxismo, traballo coa infancia e xuventude, traballo con colectivos e grupos marxinalizados, mediación, coordinación de equipos de traballo, participación cidadá, traballo comunitario...
- Forman xa parte dalgunha asociación, colectivo, cooperativa, grupo activista ou organización.
- Acreditan noutro xeito de estar no mundo no que entender e traballar as dinámicas de poder e os privilexios faise imprescindible para acabar coas desigualdades sociais.



OBXECTIVOS

O obxectivo principal deste espazo formativo é dotarnos de ferramentas que nos permitan contribuir ao proceso de transformación ecosocial que o noso contexto precisa de cara a acadar relacións máis saudábeis, equitativas e tenras entre os seres. Un proceso que teña a vida no centro e que garanta para todes o bo vivir: porque coidar do colectivo é coidar da vida.

A través desta formación o alumnado integrará habilidades, técnicas e ferramentas que posibiliten crear as condicións para un desenvolvemento satisfactorio dos procesos grupais e persoais.

OS OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE DESTA FORMACIÓN SON:

- Comprender e familiarizarse cos marcos da facilitación de grupos.
- Tomar consciencia dos elementos e dinámicas presentes nos espazos grupais.
- Adquirir as ferramentas e técnicas básicas precisas para acompañar os procesos grupais de toma de decisións, indagación, xestión emocional e do conflito, e cohesión.
- Indagar e integrar novas formas de comunicación.
- Ampliar a mirada sobre como as dinámicas de rango estrutural inflúen nos grupos e nas propias interaccións persoais, facendo traballo sobre os eixos de opresión-privilexio.
- Aprender sobre os grupos a través da experiencia vivencial co propio grupo formativo do curso, tomando ao grupo como un mestre no propio proceso de desenvolvemento persoal.
- Descubrir o estilo propio e único que cada participante ten no rol da facilitación.



ESTRUTURA E METODOLOXÍA

O Curso de Facilitación de Grupos estrutúrase en 7 módulos presenciais (3 deles residenciais) entre os meses de xaneiro e xuño de 2026 + un módulo online. A duración total do curso é de 150 horas formativas, distribuídas do seguinte xeito:

- 105 horas presenciais [7 módulos de 15 horas cada un]
- 15 horas online [1 módulo repartido en 5 sesións de 3h]
- 30 horas de traballo persoal.

O curso ten un carácter presencial e convuencial. Sete dos oito módulos terán lugar de xeito presencial e tres deles serán, ademáis, residenciais, pasando todo o grupo xunto os dous días. Apostamos pola convuencialidade por dous motivos:

Por unha banda, como factor impulsador dos espazos de pedagogía e aprendizaxe, xa que cremos que isto é de especial interese no marco dunha formación de facilitación de grupos, onde a convuencia e o proceso do propio grupo posibilita moitas oportunidades de coñecemento, aprendizaxe e crecemento.

Doutra banda, acreditamos nunha facilitación de grupos de carácter integral, que concibe a vida como un ecosistema no que todo está interconectado. Poder estar nun contexto rural posibilita a reconexión coa terra e, en última instancia, coa natureza que todes somos. Esta reconexión promove a harmonía persoal, relacional, grupal e sistémica e é fundamental para o cambio de paradigma ecosocial que queremos transitar.



A metodoloxía do curso é teórico-vivencial e participativa, apoiándonos nos marcos da Facilitación de Grupos e do Feminismo Interseccional.

A FORMACIÓN CONTA CON DIFERENTES ESPAZOS DE APRENDIZAXE:

- Espazos de teoría acompañados de exemplos e con espazo para preguntas, dúbidas e posta en común.
- Espazos de indagación e creatividade.
- Exercicios e dinámicas en formato individual, en parellas, pequenos grupos e grupo grande.
- Traballo interior, tanto nos propios módulos como a través do traballo persoal intermódulos.
- Espazos de cohesión, coidados e convivencia.



PROGRAMACIÓN E DATAS

MÓDULO 1: INTRODUCCIÓN AOS PROCESOS GRUPAIS E Á FACILITACIÓN DE GRUPOS


14 e 15 de marzo – A Casa Vella, Allariz

- Que é un grupo. Roles nun grupo. Introducción aos procesos grupais.
- Que é a facilitación de grupos. O rol da persoa facilitadora.
- Estructura formal e informal dos grupos.
- O modelo da efectividade grupal.
- Os catros espazos grupais.
- Facilitación e mirada interseccional.

MÓDULO 2: RANÇO, PODER, PRIVILEXIOS E LIDERADO

11 e 12 de abril – A Casa Vella, Allariz

- Poder formal e informal nos grupos.
- Rol, rango e privilexios.
- Diversidade estrutural: exclusión e inclusión.
- Barreiras e abusos arredor do poder.
- Conexión e aprofundamento no poder persoal e grupal: 'poder con'.
- Liderado e elderado.



MÓDULO 3: A COMUNICACIÓN E A SÚA IMPLICACIÓN NOS PROCESOS GRUPAIS

9 e 10 maio – Eco dos Teixos, Valdeorras [RESIDENCIAL]

- Elementos da comunicación.
- Barreiras comunicativas.
- O proceso de feedback e retroalimentación.
- A co-escoita.
- Comunicación Non Violenta.
- A comunicación desde a mirada de Tráballo de Procesos.
- A comunicación nos procesos grupais.
- A comunicación no rol da persoa facilitadora.

MÓDULO 4: GOBERNANZA E TOMA DE DECISIÓNS

30 e 31 de maio – A Casa Vella, Allariz

- A estrutura formal nos grupos.
- Modelos de gobernanza.
- O espacio de toma de decisións.
- O consenso e o consentimento.
- Asambleas e reunións eficaces, participativas e inclusivas.
- O rol da facilitación na toma de decisións.



MÓDULO 5: XESTIÓN EMOCIONAL NOS GRUPOS

27 e 28 xuño – Eco dos Teixos, Valdeorras [RESIDENCIAL]

- O espazo de xestión emocional nos grupos: o corazón do grupo.
- Xestión emocional e transformación do conflito.
- Metodoloxías e ferramentas para a xestión emocional e para a xestión do conflito.
- A xestión emocional desde o marco de Traballo de Procesos.
- O traballo emocional da persoa facilitadora.

MÓDULO 6: O POTENCIAL DO CONFLITO

19 e 20 de setembro – A Casa Vella, Allariz

- Conceptos e elementos básicos sobre o conflito.
- Influencia do rango e o poder nos conflitos.
- O mapa do conflito.
- Fases do conflito desde o marco de Traballo de Procesos.
- Chaves para atravesar e transformar conflitos.
- Habilidades para facilitar conflitos.



MÓDULO 7: INDAGACIÓN E SABEDORÍA COLECTIVA: A CREATIVIDADE NOS GRUPOS


17 e 18 outubro – Eco dos Teixos, Valdeorras [RESIDENCIAL]

- O espazo de indagación dentro dos grupos.
- A intelixencia colectiva e a sabedoría colectiva.
- O potencial creativo dos grupos.
- Técnicas e metodoloxías para a indagación grupal:
Teatro das Oprimidas, The Art of Hosting, Café Diálogo,
Espazo Aberto, Acuario, 6 sombreiros de pensar,
Dragon Dreaming, Oasis, Traballo de Procesos, Foros Abertos.

MÓDULO 8: INTERSECCIONALIDADE E FACILITACIÓN DE GRUPOS

**ONLINE [martes 21/04, 05/05, 19/05, 2/06 e 16/06
de 17 a 20h. As sesións serán gravadas.**

- O feminismo interseccional como marco da
facilitación de grupos.
- Os eixos de dominación sistémicos.
- O racismo
- O traballo cos privilexios.
- O rol da facilitación como axente de cambio social.
- Espazos inclusivos, participativos e accesíbeis:
descentrar a mirada.



LOCALIZACIÓN E HORARIOS

LOCALIZACIÓN

Os módulos 1, 2, 4, e 6 terán lugar en A Casa Vella, un espazo artístico na aldea de Amiadoso (Allariz).

<https://acasavella.gal/>

Os módulos 3, 5 e 7 terán carácter residencial e serán no ecoespazo Eco dos Teixos, na aldea de Casaio (Valdeorras).

<https://ecodosteixos.com/>

HORARIOS

A CASA VELLA

SÁBADOS:

De 10 a 14h

De 16 a 20h

DOMINGOS:

De 10 a 14h

De 15:30 a 18h

ECO DOS TEIXOS

SÁBADOS:

De 10:30 a 14:30

De 16 a 20h

DOMINGOS:

De 9:30 a 14h

De 15:30 a 17:30



EQUIPO FORMATIVO



MARÍA ROSENDO PRIEGO **COORDINADORA E FORMADORA**

Nacín en Vigo hai 40 anos. Apaixónanme os grupos como sistemas vivos que son, así como a diversidade e riqueza que habita neles.

Gústame acompañar procesos complexos e momentos desafiantes, e honrar as vulnerabilidades e as marxes que todes levamos dentro. Acompaño persoas e grupos desde a metodoloxía de Traballo de Procesos e desde unha mirada ecotransfeminista do mundo.

Ademáis diso, son educadora social, máster en xénero, diplomada en Psicoloxía Orientada a Procesos e facilitadora de grupos acreditada polo IIFACe.

Fago parte da colectiva de facilitación e investigación transfeminista Subúrbia.

Desde o ano 2019 convivo cunha enfermidade ambiental e grazas a ela a miña mirada e a miña loita ecoloxista é máis activa e consciente.





ALICIA COMENGE SEGARD

FORMADORA

Hai anos tiven a sorte de ir descubrindo aquilo que me entusiasma: as persoas, os seus procesos e as relacións que se establecen.

Ao longo da miña vida precisei comprender como funcionan os equipos, os soños, as súas dificultades, os seus automatismos, os seus retos... e por iso, sen ser moi consciente do por que, comecei a formarme e a dotarme de diferentes ferramentas e metodoloxías.

Diagnostiquei, deseñei e facilitei equipos e colectivos de diversa índole: empresas, cooperativas ou asociacións en ámbitos rurais e urbanos.

Acompañei grupos en distintas situacións e necesidades: plans estratéxicos, cambios na estrutura de gobernanza, creación de novos horizontes e valores, distensión de conflitos, mellora da comunicación...

Levo tempo acompañando individuos no seu camiño de profesionalización e mellora como persoas, grazas ás miñas formacións e, sobre todo, ao meu propio percorrido e aprendizaxe de vida, que non cesa.





CONCHI PIÑEIRO

FORMADORA

Licenciada en Ciencias Ambientais e Doutora en Educación Ambiental. Formadora e investigadora, docente en varios estudos de máster e posgrao, con máis de 30 publicacións científicas e divulgativas. Facilitadora experta do IIFACE, Diplomada en Traballo de Procesos e Democracia Profunda. Socia fundadora e traballadora de Altekio S.Coop.Mad.

Leva máis de 25 anos participando en diferentes movementos sociais e comunitarios. Apaixoada da innovación metodolóxica para a transformación ecosocial.



INFORMACIÓN ECONÓMICA

PREZOS

A formación ten tres tramos* diferentes de prezos para posibilitar a accesibilidade económica ao maior número de persoas posíbel.

- **A: INGRESOS BAIXOS: 100€/módulo (800€ + matrícula)****
(INGRESOS POR BAIXO DOS 1.000€ OU SITUACIÓN ECONÓMICA MÁIS PRECARIA)
- **B: INGRESOS MEDIOS: 130€/módulo (1.040€ + matrícula)**
(INGRESOS ENTRE 1.000 E 1.300€ OU SITUACIÓN ECONÓMICA INTERMEDIA)
- **C: INGRESOS ALTOS: 160€/módulo (1.280€ + matrícula)**
(INGRESOS POR ENCIMA DOS 1.300€ OU SITUACIÓN ECONÓMICA MÁIS DESAFOGADA)

* A escolla de tramo é individual e confidencial entre cada participante e a organización.

O baremo de ingresos é orientativo, non pedimos xustificación.

Apostamos por esta proposta como un exercicio de corresponsabilidade que promova a sustentabilidade económica do curso e a accesibilidade para persoas con diferentes recursos.

Para alén de contribuir á propia viabilidade do curso, escoller o tramo B ou C posibilita que persoas en situacións económicas máis precarias poidan realizar a formación.

** A porcentaxe de prazas do tramo A (ingresos baixos) non poderá superar o 50% do total das inscricións.

*** Se tes interese en participar do curso e non podes asumir o custe do tramo A, ponte en contacto connosco.



MATRÍCULA

A formación ten unha matrícula de 50€ que van destinados a cubrir os gastos de xestión do curso.

PAGOS

1º PAGO: MATRÍCULA + 2 MÓDULOS (antes do 19 de decembro)

2º PAGO: 3 MÓDULOS (antes do 5 de febreiro)

3º PAGO: 3 MÓDULOS (antes do 10 de marzo)

MÓDULOS RESIDENCIAIS

O curso conta con tres módulos residenciais no ecoespazo Eco dos Teixos, na aldea de Casaio, comarca de Valdeorras. O prezo da pensión completa (comida e cea do sábado, almuerzo e comida do domingo e albergue completo de sábado a domingo) é de 60€ que se abonarán antes de cada módulo.

ASISTENCIA A MÓDULOS SOLTOS

En caso de quedar prazas disponíbeis, pódese asistir a calquera dos 8 módulos de xeito independente. O prezo para os módulos soltos é o seguinte:

- INGRESOS BAIXOS: 120€
- INGRESOS MEDIOS: 150€
- INGRESOS ALTOS: 180€



BONIFICACIONES

- A formación pode ser bonificada de xeito total ou parcial, a través de Fundae, para todas aquelas persoas traballadoras por conta allea e nas que as súas empresas coticen por elas no réxime xeral da Seguridade Social.
- Esta bonificación non se aplica a persoas funcionarias nin autónomas.
- A bonificación só será aplicable para as persoas que se inscriban ao curso completo nos tramos B e C.
- Prazo de solicitude: até 10 días antes do comezo do curso.

CANCELACIONES

O curso concíbese como unha unidade pedagóxica. Unha vez formalizada a inscrición, hai un compromiso de abonar a totalidade do prezo do curso nos prazos establecidos.

Para calquera circunstancia excepcional, contacta con nós.

De cancelarse o curso por algún motivo organizativo, reembolsarase íntegramente o importe abonado até o momento.



ORGANIZACIÓN E CONTACTO

> ORGANIZAN:



SUBÚRBIA

Subúrbia é un espazo de facilitación, formación e investigación transfeminista que nace no ano 2016 para apoiar a traer unha ollada feminista aos procesos grupais.

Experimentamos e partillamos ferramentas para despatriarcalizar espazos e relacións.

Facilitamos a construción colectiva de estratexias de resiliencia e emancipación.

Acreditamos que non hai transformación social posíbel sen grupos capaces de ollar de fronte aos retos para poder avanzar, sendo quen de facer ligar na mesma masa os compoñentes produtivo, reprodutivo e afectivo para así poder levedar.

Acompañamos os procesos vivos dos grupos camiñando lado a lado para apoiar na construción de culturas grupais radicadas na equidade, o bo trato e a saúde.





Amigas da Terra

AMIGAS DA TERRA

Amigas da Terra é unha organización que ten como eixo vertebral o eco-feminismo. A nosa misión é fomentar as mudanzas locais para acadar obxectivos globais. Procuramos unha sociedade máis xusta e solidaria, que respecte o medio ambiente. Queremos un mundo onde todos os seres vivos e pobos vivan con dignidade e harmonía coa natureza. Os eixos principais de actuación da asociación son a reivindicación e o activismo así como a sensibilización e a educación ambiental.



> ACREDITA:



IIFACe

Esta formación está acreditada polo IIFACe e correspóndese co nivel básico dunha formación ampla de tres niveis en Facilitación de Grupos.

Para certificar a formación, requírese ter participado un mínimo do 70% das horas lectivas de cada módulo e non perder máis de 15h en total de todo o curso. Así como ter entregado os traballos persoais inter módulos.

En caso de que se produza algunha desconformidade nalgún momento do curso, o alumnado poderá poñer en coñecemento do IIFACe o que entenda que poderían ser tanto cuestionamentos á calidade das formacións como posibles faltas ao código ético do IIFACe por parte das persoas formadoras en calquera módulo do Nivel Básico, a través do correo: sabias@iiface.org



> MÁIS INFORMACIÓN E CONTACTO:

Email: facilitacion@amigasdaterra.net

Teléfono: (+34) 600.051.041

**COIDAR DO
COLECTIVO
PARA COIDAR
DA VIDA**

